



SOS
RACISMO

Galicia



MEMORIA ANUAL 2016

ÍNDICE



"El odio a las razas no forma parte de la naturaleza humana; más bien es el abandono de la naturaleza humana"

Orson Welles

Quen somos

02

A nosa visión

Construindo pontes

03

Actividades e proxectos

Derrubando muros

10

Denuncia social e sensibilización

En cifras

21

Datos de actividades e económicos

Non só números

25

Valoración de resultados

Mboy moe dole


27

Colaboración e participación

Somos tod@s

28

Agradecementos



QUEN SOMOS

SOS Racismo Galicia é unha organización sen ánimo de lucro, independente, laica, multicultural e plural, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español.

O principais fins que perseguimos son:

- Loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, de orixe, de cultura ou de relixión, para lograr unha sociedade xusta e libre de prexuízos e estereotipos.
- Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multiétnico da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza socioeconómica que aporta a diversidade e a interculturalidade.

- Favorecer a integración sociolaboral dos colectivos inmigrantes residentes en Galicia.

O noso ámbito de acción é a comunidade galega, onde traballamos conxuntamente con outras entidades locais para achegar o noso traballo á maior cantidade posible de persoas e ampliar a área de incidencia da entidade.

Este último ano ampliamos a nosa presenza na comunidade galega coa apertura dunha nova oficina na cidade de Vigo. A intención é achegar os nosos servizos de asesoramento a maior número de persoas no territorio.

CONSTRUÍNDO PONTES, DERRUBANDO MUROS



OFICINA DE INFORMACIÓN E DENUNCIAS



SERVIZO DE ATENCIÓN E MEDIACIÓN INTERCULTURAL




ORIENTACIÓN E FORMACIÓN



CONCIENCIACIÓN



DENUNCIA SOCIAL



Oficina de información e denuncias

Que é a OID?

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades.



Apoio xurídico e administrativo a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.

Denunciamos calquera tipo de feito discriminatorio.

Mediamos en caso de conflito cultural.

Informamos dos seus dereitos a persoas

pertencentes a minorías étnicas.

Documentamos os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.

Resumo informe anual

Durante o ano 2016 a Oficina de Denuncias en Galicia atendeu 26 casos de discriminación ou agresións por razón de orixe, rasgos fenotípico, relixión ou cultura, e levou seguemento de 5 casos xudicializados procedentes de anos anteriores.

O incremento de casos en relación a anos anteriores non é tanto un reflexo do aumento de estes comportamentos, se non que ven dado maiormente da detección destas situación a través da atención integral ofrecida pola entidade, permitíndonos no día a día detectar eses casos de racismo cotiá que desgraciadamente non se soen denunciar.

Como podemos ver no gráfico inferior, a denegación o acceso de servizos privados é significativamente superior ao resto das tipoloxías. Moitas destas discriminacións céntranse na denegación de acceso a

vivenda por condición de persoa estranxeira, así como, a discriminación ao acceso de espazos de ocio.

É totalmente incomprensible que en pleno século XXI aínda a sociedade non teña superado o descoñecemento e a ignorancia, e incluso arrogancia, que supón considerar tratar a unha persoa de forma negativa por circunstancias tan aleatorias como o país de procedencia, relixión ou rasgos fenotípicos.

Outro dato significativo é que na tipoloxía de conflitos e agresións racistas, o 75 % das vítimas foran mulleres sendo sempre o agresor un home. Detectamos con isto que o racismo e machismo son actitudes e comportamentos moi relacionados, sendo as mulleres as principais vítimas.

Referente os medios de comunicación, vemos cada vez mais, que como creadores de pensamento e discurso social que son, presentan moitas veces unha gran falta de responsabilidade a hora de informar con veracidade e formentar valores sociais positivos en consonancia con o que establecen os códigos deontolóxicos do periodismo, como podemos ver que pasou no caso do CEIP Número 1 de Foz en decembro do ano pasado.

Neste senso, parecenos preocupante ca prensa acollera a difusión de algunhas opinión que, a raíz deste caso, aproveitaran para alimentar prexuízos e ideas islamófobas e xenófobas.

Tipoloxía de discriminación e vulneración de dereitos 2016



Gráfico 1. Desagregación por tipoloxía de discriminación.



S.A.M.I. (Servizo de Atención e Mediación intercultural)

Que é o SAMI?

O SAMI é un servizo que pretende a mellorar a convivencia intercultural do conxunto da poboación, establecendo para tal fin, canles de comunicación e de entendemento que parten de concepcións de igualdade e de respecto entre as diversas culturas.



Qué ofrece o SAMI:

Servizo especializado de Mediación Intercultural e/ou Traducción e Interpretación sociocultural e lingüística.

- Coñecemento en profundidade de diferentes culturas.
- Manexo de diferentes idiomas.

- Amplio coñecemento dos recursos da sociedade de acollida.

A intervención do SAMI pode direccionarse cara calquera ámbito (laboral, sanitario, educativo, xurídico-administrativo...), beneficiando a súa acción a toda a sociedade..

Durante o ano 2016, levaróñse a cabo máis de douscentas mediacións interculturais en diferentes ámbitos, mais a demanda de mediacións no proceso de socialidade e acompañamento no acceso a Renda Municipal do Concello da Coruña representou un papel moi significativo, sendo mais do 50%.

A mediación intercultural vai mais aló dunha mera traducción lingüística. E o coñecemento de recursos, códigos lingüísticos e culturais, así como, a equilibración das relacións de poder entre as partes.



Orientación e formación

ORIENTACIÓN

Mediante o servizo de orientación e formación facilitamos información, asesoramento e apoio na xestión de diversos trámites en materias tales como: familia, educación, traballo, prestacións, recursos comunitarios, sanidade, etc... así como asistencia xurídica en materia de estranxeiría, coa finalidade de dotar as persoas dunhas ferramentas básicas para poder desenvolverse na comunidade e para contribuir ao benestar individual e social.

TECER: INTINERARIOS DE INCLUSIÓN SOCIAL E LABORAL

Desde o mes de outubro, grazas á colaboración do Fondo Social Europeo e da Consellería de Traballo e Benestar da

Xunta de Galicia, puxemos en marcha o proxecto "Tecer", co obxectivo de facilitar o acceso ao mercado laboral das persoas migrantes entre 30 e 55 anos a través da mellora dos seus niveis de

empregabilidade por entender que esta franxa de idade e a que menos apoio ten por parte das administracións a hora do acceso o mercado laboral e formativo.

FORMACIÓN

Dentro do ámbito da **Formación**, as actividades levadas a cabo foron desenvoltas de xeito dinámico e adaptadas ás demandas das persoas participantes nos diferentes programas permitindo un maior aproveitamento das formacións. Durante o ano 2016, estas foron as principais actividades formativas:

Curso de "Competencias clave: Lingua e Cálculo": Co obxectivo de formar ó alumnado en base os contidos precisos

Competencias clave N2
Lengua española e cálculo

Proxecto para o incremento das competencias clave nos ámbitos de cálculo e comunicación en castelán de poboación de orixe estranxeira como ferramenta para a súa inclusión efectiva e dinámica na vida social, laboral e cultural da comunidade.

SOS RACISMO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Familia e Inclusión

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

"Este proxecto foi financiado parcialmente polo Goberno de Galicia dentro do Programa Operativo de Galicia 2014-2020, polo axudado de apoio á "Iniciativa de Inclusión Social e Emprego" dentro do eixe de accións de emprego. Dirección de Medio Ambiente e Desenvolvemento Social"



para cursos con aproveitamento os certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación, levouse a cabo este curso que comezou no mes de outubro e rematou en decembro e tivo unha duración total de 60 horas. Constouse cun total de 7 persoas, o que permitiu facer as sesións dinámicas e participativas.

Aulas de español para persoas estranxeiras: e totalmente comprensible que a comunicación e primordial como ferramenta de inclusión. Dende SOS Racismo levamos a cabo durante todo o



ano, de lúns a xoves aulas de español inicial que permitan as persoas adquirir os coñecementos básicos necesarios para a súa comunicación en lingua castela, así como, para preparar o examen DELE A2 para a adquisición da nacionalidade. Durante o ano 2016 mais de 45 persoas pasaron por estas aulas, obtendo un aproveitamento destas.

SAMI Educación: porque entendemos que un futuro onde a igualdade de oportunidades sexa real, pasa por traballar no día a día ca mocidade, durante o primeiro semestre do 2016 levamos a cabo este programa onde o alumnado inmigrante de ESO dispoñía de

persoal para o apoio educativo, así como, a oferta de actividades de ocio deportivo levado a cabo por alumnado de INEF dentro do programa universitario da UDC Aprendizaxe e servizo, e mediación familiar cara a adaptación dun sistema educativo diferente o que tiñan no país de orixe. Foi para nos unha experiencia totalmente enriquecedora onde podemos compartir visións e aprendizaxe xunto a dez familias.

Curso de "Funcionamento de e características da sociedade de acollida": Esta formación estivo orientada a obtención do Informe de Esfuerzo de Integración emitido polas Comunidades autónomas e onde se pretenden facilitar coñecementos socioculturais da sociedade de acollida a aquelas persoas de procedencia extranxeira, ca finalidade de facilitar o achegamento sociocultural a a través do coñecemento. O longo deste



ano realizáronse tres edicións na cidade da Coruña, cunha duración total de 40 horas cada unha e nas que participaron mais de 20 persoas.

Aulas de preparación para a obtención da nacionalidade:

No ano 2015 o procedemento para a obtención de nacionalidade por residencia mudou, obrigando as persoas a realizar unha proba acreditativa de coñecemos socioculturais da sociedade española. Aínda que é requirimento imprescindible, atopámonos coa inexistencia de oferta formativa pública, dificultando pois a obtención de nacionalidade tanto a nivel de requisitos como na formación para a obtención desta. Ante esta situación dende a entidade enténdese que aínda non sendo a nosa liña principal, era

necesario facilitar esta formación a aquelas persoas co demandarán para así poder optar os dereitos que lle corresponden a través da nacionalidade. Esta formación leva impartíndose dende o mes de agosto de forma continuada e durante o 2016 máis de 25 persoas optaron a ela.

**PREPARACIÓN EXAMEN CCSE
PARA A OBTENCIÓN DA
NACIONALIDADE**

Horario:
Agosto: Xoves de 17:00 a 18:30
Septembro: Luns e Mércores de 17:00 a 18:30

Prezo:
Gratuito

Inscricións:
Tfn. 881 96 37 97 ou Correo: info@sosracismogalicia.org
r/ Alcalde Lens 34 1º C (A Coruña)

COORDINANCIA:

**#MANTENOS
FORA
DE XOGO**

Concienciación

**DIVER-S-ARTE: DÍA INTERNACIONAL
CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL 2016**

Con motivo do Día Internacional contra a Discriminación Racial, SOS RACISMO Galicia organizou diversas actividades na Praza das Conchiñas, na cidade da Coruña, dirixidas a todo tipo de público, mais tentando involucrar especialmente á mocidade: creación dun graffiti colectivo, un obradoiro de pintura para nenas e nenos, un evento poético musical (con timba poética, regueifas, hip-hop), realización de distintos xogos interculturais... Estas accións lúdico-reivindicativas de denuncia da discriminación e de visibilización e

celebración da diversidade contaron coa colaboración dun importante número de voluntarios/as -profesionais de Belas Artes, músicos de hip-hop, estudantes...- e



tiveron unha ampla acollida, tanto entre os/as nenos/as e mozos/as que participan habitualmente en SOS como entre toda a veciñanza da zona.



RACISMO E REPRESIÓN CONTRA AS PERSOAS MIGRANTES NAS NOSAS CIDADES

Promovida pola Asemblea Popular do 15-M do barrio de Montealto, na Coruña, o



pasado 1 de setembro participamos, xunto con outros/as compañeiros/as do Foro Galego de Inmigración, nesta iniciativa que buscou promover o debate e a denuncia en torno a temas como o aparato represivo da política migratoria (identificacións masivas, redadas racistas, detencións, centros de internamento de estranxeiros/as, operativos de deportación por terra, mar e aire...), os múltiples racismos cotidianos ou as chamadas “micro-agresións”. Esta iniciativa, celebrada na praza do Campo de Marte, contou cunha elevada participación do público asistente, que achegou

interinteresantes reflexións e experiencias persoais.

EUROPA FORTALEZA



En Abril de 2016 tivemos o primeiro acto público do novo grupo local de SOS Racismo Galicia en Vigo. En colaboración coa Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas en Redondela trouxemos a Beatriu Guarro (portavoz de Stop Maremortum en Catalunya) a falar sobre a situación das persoas refuxiadas e a súa visión tras estar in situ con elas.

Foi un acto moi ben acollido polo público, fixémoslo no centro social A Cova dos Ratos no que puidemos debater posteriormente e facerlle preguntas a Beatriu sobre toda a situación destas persoas, na que os medios de comunicación dan unha visión sensacionalista sen esclarecer as causas reais que a propician.

DÍA INTERNACIONAL DAS MIGRACIÓNS 2016

Posteriormente, en Decembro, na AAVV do Calvario de Vigo, quixemos conmemorar o Día Internacional das Migracións cun videofórum composto por diversas curtametraxes que invitaran á reflexión e ao posterior coloquio sobre elas, aproveitando que xa tiñamos sede na cidade e que arrancáramos en outubro cun proxecto de Inserción Sociolaboral para darnos así a coñecer



Denuncia social

COMUNICADOS

POR UNHA RENDA SOCIAL MUNICIPAL SEN EXCLUSIÓNS

Dende SOS Racismo Galicia queremos denunciar o que ao noso entender é unha falta de sensibilidade, responsabilidade e incumprimento das promesas feitas por distintos cargos do goberno da Marea (El País, 20/10/2015), no que atinxe a unha significativa parte da veciñanza da cidade da Coruña: persoas inmigrantes sin permiso de residencia, que quedaron excluídas da recentemente aprobada Renda Social Municipal por unha cuestión de “encaixe legal”. Este feito é especialmente grave, pois trátase do exemplo paradigmático de colectivo que precisa de ferramentas que apoiem a súa inserción. Lembremos que a maioría destas persoas están perfectamente integradas e documentadas, e existen rexistros nas diferentes ONG da cidade polas que teñen pasado estas persoas, deixando constancia da súa pertenza á cidadanía. Esta

exclusión e discriminación supón un enorme risco para esta poboación, que ve como a fenda da desigualdade ampliáse ante os seus ollos, e queda desamparada nunha evidente situación de vulnerabilidade.

SOS Racismo Galicia tiña altas expectativas con respecto ás políticas de inclusión do Concello da Marea polo seu compromiso co colectivo migrante, amosado polas responsables das Concellarías de Xustiza Social e Coidados e de Igualdade e Diversidade, mais lamentamos que non se materialice nunha cuestión tan vital para o dito colectivo como é o acceso a unha prestación social que garanta, incluso, a súa supervivencia. Non temos que recordarlles que algunhas das principais vías de ingreso dun Concello son as transferencias correntes (cartos que reciben do estado polo número de persoas empadroadas); impostos indirectos (IVE) e impostos directos e taxas (Orzamento Xeral Municipal 2016 do Concello da Coruña). As persoas en situación irregular administrativa veciñas da Coruña, contribuen

tamén a todas estas fontes de ingresos. O dramático, e que non teñen os beneficios destes.

Pensamos que, tendo en conta a discriminación que estas persoas sofren con respecto á RISGA (imposibilidade de solicitala), o Concello da Marea tería que ter traballado con máis forza para poder ofrecer unha alternativa viable, aproveitando o traballo desenvolvido coa Renda Social Municipal, sin deixar «para máis adiante» unha cuestión de vital importancia (de mera supervivencia incluso), para un importante número de persoas que conviven na nosa cidade e forman parte do 99%.

De igual xeito, consideramos que non é necesario lembrar que onte mesmo na veciña localidade de Santiago de Compostela, foi aprobada a renda municipal, aberta a ser solicitada por calquera veciño ou veciña da cidade, independentemente da súa situación administrativa. A igualdade de dereitos da cidadanía ten que ser real é efectiva.

Gostaríamos ademais, que a Xunta de Galicia tivese en conta que hai opcións que permiten non discriminar e excluir, tal e como acontece en Euskadi, onde o goberno autonómico a través do seu órgano público de emprego (LANBIDE), ofrece unha renda de garantía de ingresos, accesible para as persoas que non posúen permiso de residencia, así como a Renda Social Garantizada aprobada recentemente polo Goberno de Illas Baleares (BOE núm. 105 de 02 de Mayo de 2016)

Por todo isto, esiximos:

- A non discriminación das persoas inmigrantes en situación administrativa irregular ao acceso da Renda Social Municipal, así como, a calquer outro servizo ou recurso público. No caso de existiren inconvintes legais para a inclusión deste colectivo, entendemos que se deben construír ferramentas alternativas que a garantan. Esta alternativa debe formar parte do proxecto da Renda e non deixarse para máis adiante pola súa urxencia.
- Unha verdadeira e efectiva “cidade de acollida” (EntreNós. 7/04/2016) onde ningunha persoa sexa discriminada pola súa situación administrativa á hora de ser beneficiaria de prestacións sociais.
- A presentación e materialización inmediata dun programa con vías de acceso alternativas para as persoas en situación administrativas irregular.

Nota: Tempo despois da emisión deste comunicado, o Concello da Coruña rectificou propoñendo que as persoas migrantes con situación administrativa non regularizada puidesen solicitar, en condicións de igualdade, esta renda social, medida que foi aprobada no pleno municipal e que se atopa actualmente vixente.

SOS RACISMO INSTA Á XUNTA DE GALICIA A TRABALLAR POR UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA REAL E EFECTIVA

Nas primeiras semanas do mes de decembro de 2016, asistimos á aparición de diversas noticias e artigos de opinión sobre a decisión dun centro educativo da Mariña Lucense de suprimir a posibilidade de que o alumnado puidese optar por un prato alternativo, cando no menú figurase un prato principal a base de carne porcina.

Segundo a dirección deste CEIP, a posibilidade de optar polo chamado prato alternativo no comedor escolar só era ofrecida ás fillas e fillos das familias de crenzas musulmanas. As nais e pais dalgúns nenos e nenas trasladaron ao centro educativo o interese destes en poder escoller tamén entre as dúas opcións, dado que en ocasións o prato alternativo lles agradaba máis que o principal (cómpre mencionar aquí que a alternativa ofrecida non consistía só en substituír a carne porcina por outra carne, senón que variaba enteiramente o tipo de prato). Ante estes feitos, o CEIP e a Consellería de Educación non optaron por estender a todo alumnado a posibilidade de escolla, senón que decidiron eliminala por completo do menú.

Desde SOS RACISMO Galicia xulgamos un erro de enfoque que a posibilidade de optar entre varios pratos non estivese, desde

un principio, aberta a todo o alumnado, co risco de que o que a priori sería concebido como unha medida de atención á diversidade na escola, puidese acabar converténdose nun aspecto segregador. Así mesmo, consideramos que a solución non pasa pola supresión de alternativas, senón pola súa ampliación para o conxunto do alumnado. Lembramos que segundo recolle a lexislación galega “o comedor escolar configúrase como un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios da igualdade e a solidariedade...”. Cando se fala dos principios de igualdade, entendemos que é a igualdade de dereitos dentro da diversidade. É preciso que a sociedade e as administracións se conciencien de que a cidadanía é diversa e de que os servizos públicos deben ser de todas e para todas.



Apelamos, pois, á Xunta de Galicia, así como a todas as participantes da comunidade educativa (Consellos Escolares, equipos docentes, ANPAS e alumnado) ao diálogo para atopar unha solución consensuada que resulte satisfactoria para todos e todas, onde

prime a garantía dunha alimentación saudable e de calidade para os e as menores, o respecto polos dereitos de todas as persoas e a efectiva posta en práctica de valores educativos que promovan a igualdade e a diversidade.

Ademais, desde SOS RACISMO Galicia consideramos que o tratamento que, en xeral, deu a prensa a este caso, puxo de manifesto como os propios medios poden contribuír a xerar na sociedade a percepción de atopármonos ante supostos “conflitos culturais” ou “relixiosos” en situacións que, en realidade, poden ser doutro tipo, como pareceu ser este caso, sendo máis ben unha cuestión asociada á austeridade imposta dende as institucións, e que ten como consecuencia a deficiente calidade da alimentación ofertada polas empresas encargadas da xestión dos comedores, privando ao alumnado do dereito a recibir unha alimentación saudable e de calidade.

Desde SOS Racismo Galicia demandamos que os medios de comunicación non favorezan a construción dunha visión falseada ou estigmatizadora da inmigración e de calquera cuestión relativa á diversidade social e cultural, debendo, polo contrario, contribuír a derrubar estereotipos a través de información veraz e desempeñar un papel esencial no fomento de valores sociais positivos. Lembramos ademais que o propio Código Deontolóxico do Xornalismo Galego

establece coma un dos seus criterios *actuar con especial responsabilidade e rigor no caso de informacións ou opinións con contidos que poidan suscitar discriminacións por razón de sexo, raza, crenza ou extracción social e cultural*. Durante o ano 2016, SOS Racismo Galicia emitiu diversos comunicados a respecto de distintas situacións nas que se produciu un tratamento mediático distorsionador ou inadecuado por parte da prensa galega.

PREXUÍZOS E INFORMACIÓN NON CONTRASTADA; ISLAMOFobia NOS MEDIOS

A transmisión do caso do centro educativo mariñán por certos medios de comunicación non se correspondeu, en absoluto, co sucedido, o que nos leva a preguntarnos se as persoas responsables dos mesmos terán cumprido co deber xornalístico de contrastar as súas fontes e se terán falado directamente cos diversos axentes implicados, nomeadamente ao asegurar que as familias de crenzas musulmanas protestaban polo feito de que no comedor escolar se sirva carne de porco ou que solicitaban que se dispoñibilicen menús “halal”:

- *Menús halal en los centros públicos* (título dun artigo de opinión de Fernando Ramos, publicado en Atlántico Diario o 10/12/2016).

- *Ellos querían que a sus niños (y a los niños de los otros) les pusieran solo comida halal y nada de cerdo. Claro, es lógico, yo lo entiendo, si yo tuviera un niño en el cole, que no es el caso, también querría que le pusieran solo langosta, solomillo y caviar, que pa eso mi niño es muy fino, ¡qué demonios!* (artigo de opinión de Víctor González, publicado en La Región o 11/12/2016).

Nun escrito público dirixido á dirección do centro, as familias de orixe marroquí, lonxe de pedir que a carne porcina fose retirada do menú escolar, manifestaban que *“no queremos que exista discriminación alguna en el comedor, ni a favor ni en contra de ningún colectivo, solamente que a aquellos niños que por motivos mayores no puedan comer un tipo de comida, se les facilite repetir en el otro plato, u otra alternativa que usted vea”*. Trátase dunha diferenza substancial, porque a aseveración falsa é utilizada por diversos xornais e autores para difundir a mensaxe de que estas familias queren imponer a súa cultura e costumes ao conxunto da comunidade educativa. O ton do escrito destas familias (*“agradecemos el esfuerzo que la sociedad está reanudando ante la igualdad de todas las personas, sea*



cual sea su raza, religión y nacionalidad, por lo que nos brindamos a seguir trabajando juntos”) contrasta co tratamento falseador, xenófobo e agresivo que reflicten algúns medios, por exemplo en titulares como:

- *Un colegio de Foz seguirá sirviendo cerdo pese a las quejas de madres marroquíes* (Noticia de La Voz de Galicia, publicada o 03/12/2016).
- *Un colegio de Foz se planta y seguirá sirviendo cerdo pese a las quejas de madres marroquíes* (Noticia de Intereconomía, publicada o 05/12/2016).
- *Un colegio de Foz se planta: si los musulmanes no quieren cerdo, que no se queden al comedor* (Noticia de Mediterráneo Digital, publicada o 04/12/2016).
- *El primer problema musulmán en nuestra civilizada Europa, y es un problema enorme aunque muchos quieran negarlo u ocultarlo por diversas razones, casi siempre políticas o de “buenismo” ideológico, es que ni siquiera los musulmanes, llamémoslos moderados por llamarlos algo, encajan*

aquí salvo que cambien de religión o se hagan ateos. (artigo de opinión de Víctor González, publicado en La Región o 11/12/2016).

Neste sentido, parécenos preocupante que a prensa teña acollido a difusión dalgunhas opinións que, a raíz deste caso, aproveitaron para alimentar prexuízos e ideas xenófobas.

UN MAL TRATAMENTO INFORMATIVO PODE ALIMENTAR PREXUÍZOS RACISTAS

O pasado 28/09/2016 o xornal Faro de Vigo publicou unha noticia que levaba por título “La Policía Nacional resuelve una decena de hurtos al mes por avisos de ciudadanos”. No subtítulo da nova especificábase que “Desde comisaría reciben una media de seis llamadas al día para advertir de robos o puntos de venta de droga”. Atopándonos, por tanto, ante unha peza xornalística relativa a *furtos, roubos ou venda de droga*, non comprendemos o motivo polo que a imaxe desta noticia mostraba unha persoa negra sendo detida, acompañada do pé de foto “Agentes de la Policía Nacional detienen a un vendedor ambulante tras el aviso de vecinos”. Neste caso, dita fotografía non gardaba relación algunha co resto da noticia, pois a venda ambulante non está vinculada, baixo ningún punto de vista, con cuestións como

roubos ou venda de droga. Ademais, en momento algún do texto -nin nos títulos nin no corpo da noticia- se mencionaba nin se informaba sobre nada relativo á venda ambulante, polo que non entendemos por que este xornal optou por publicar unha imaxe e un pé de foto en absoluto ilustrativos do contido da noticia e que ademais criminalizaban claramente á poboación inmigrante, sen esquecer os danos que tal feito tamén puidese implicar para a propia persoa fotografiada, ao difundirse a súa imaxe inserida nun contexto de informacións coas que non tiña ningún tipo de correspondencia ou conexións.

Ademais de denunciar o tratamento dado a esta nova, o cal pode alimentar prexuízos racistas, ao vincular infundadamente ás persoas migrantes con actividades delictivas, SOS Racismo Galicia reclamou, así mesmo, a fin da criminalización e da represión contra os/as traballadores/as que se dedican á venda ambulante, pois non se trata dunha práctica alimentada por supostas mafias, senón dunha actividade laboral de persoas que hai tempo veñen reivindicando que “sobrevivir non é delito”.

ANTE A ABSOLUCIÓN DE DOUS AXENTES LOCAIS POR PRESUNTO DELITO DE INTIMIDACIÓN CON ARMA

O 4 de agosto de 2011, A.G, despois de considerar que os seus dereitos foran vulnerados ao ser apuntado cunha pistola no peito e na cabeza por dous axentes da policía local mentres estaba sentado cos seus compañeiros á altura dos taxis do Obelisco na Coruña, procedeu a interpoñer unha denuncia contra os dous axentes que o agrediran na comisaría da Policía Nacional.

Cinco anos despois dos feitos, tras diversos recursos e cunha clara falta de apoio por parte da Fiscalía, o 7 de xullo de 2016 tivo lugar o xuízo contra os dous policías imputados pola agresión. Unha vez coñecida a sentenza, desde SOS Racismo Galicia manifestamos a nosa frustración en canto á tramitación do procedemento.

En primeiro lugar, debemos facer fincapé na falta de interese por parte da Fiscalía, dende o primeiro momento da instrución, en levar a cabo unha investigación dos feitos. A pesar de existir indicios razoables da comisión dun delito por parte dos axentes, xa que entre outras probas se dispoñía da declaración dunha testemuña totalmente allea (tal e como o recolleu a xuíza de instrución no seu auto de imputación), a Fiscalía optou por solicitar o arquivo da causa,

sen chegar probablemente a facer un estudo da mesma, e chegando incluso no acto do xuízo a renunciar á proba testifical do denunciante despois de tela solicitado no seu escrito de defensa. Algo que para a acusación particular resulta incomprendible, xa que para a Fiscalía non abonda que o denunciante e persoa agraviada polos feitos tivera que agardar 5 anos para poder atoparse novamente diante dos causantes de tales ameazas, senón que finalmente decidiu que non quería oír o seu relato; descoñecemos absolutamente o motivo.

Outra cousa interesante a salientar, é a negación dos axentes acusados a responder ás preguntas da letrada da acusación. Efectivamente este é un dereito que se lle recoñece a todo investigado nunha causa, pero sendo que estamos a falar de axentes da autoridade non entendemos por que tal interese en evitar as preguntas da acusación.

Do mesmo xeito debemos sinalar que aínda que na sentenza se fala de discrepancias no



antes e despois dos feitos, claramente debido ao tempo transcorrido desde os mesmos, é preciso sinalar que ambas as testemuñas da acusación confirmaran a versión do denunciante de ter sido apuntado cunha

pistola por parte dun dos axentes da policía local, e en modo algún tal actuación quedou xustificada, sendo que estamos a falar de axentes da autoridade, aos cales, polo cargo que ostentan, se lles debe esixir unha maior dilixencia.

Desde SOS Racismo Galicia, entidade que estivo a levar o caso durante os últimos tres anos, entendemos que unha vez máis, como ben di a frase, “a xustiza é cega”, mais non porque non vexa, senón porque non quere ver.

Porén, quedar só con esta lectura sería unha visión simplista. Preferimos lembrar que, grazas ao valor deste rapaz en situación de vulnerabilidade extrema, desde o momento da imputación destes dous axentes da policía local da Coruña pola Audiencia provincial, fai dous anos e medio, até o pasado mes de agosto, non volvemos a ter coñecemento de ningunha outra intervención irregular na zona onde aconteceron aqueles feitos.

É por iso que desde SOS Racismo Galicia, entidade desde a cal levamos xa tres anos ofrecendo apoio xurídico e psicoemocional a vítimas ou testemuñas de agresións racistas ou xenófobas, seguimos a facer un chamamento a cidadanía para que ante calquera vulneración de dereitos non dubide en denuncialo. Os dereitos son de todas.



En cifras

Asesoramos **56** casos en materia de **Dereito de Extranxeiría**

Máis de **83** persoas demandaron o servizo **Mediación Intercultural**

Alcanzamos os **2.000** seguidores/as nas nosas **redes sociais**

Máis de **350 horas** de **Accións Formativas** na entidade

69 persoas participaron nas diferentes **accións formativas** realizadas.

Contamos coa colaboración de máis de **15 voluntarios/as**

Proporcionamos **apoio xurídico e social** en **26** casos de discriminación ou agresións racistas ou xenófobas

Elaboración e difusión de **6** comunicados de **incidencia política e social**

Proporcionamos **Apoio e reforzo educativo** a máis de **16 familias** con alumno/as de Ensino Secundario



Financiamento


Porque esiximos transparencia nos nosos discursos, somos coherentes, e a través destes datos pretendemos facilitarvos aquela información que poida ser máis relevante na área da financiación.

É por isto que a través destes gráficos, poderedes comprobar os ingresos obtidos por

SOS Racismo Galicia durante o ano 2016, e a súa procedencia. Por suposto, tamén indicamos onde se ten gastado ese diñeiro.

Somos conscientes de que gran parte da nosa financiación ven de administracións públicas, diñeiro de todos e todas nós, motivo máis que suficiente para deixarnos constancia de como se ten empregado.


INGRESOS



Ingresos 2016. Importes recibidos según fonte de financiamento

PROCEDENCIA DA FINANCIACIÓN

Ingresos 2016: Financiación por procedencia



Ingresos 2016. Importes recibidos según financiador

ENTIDADES FINANCIADORAS



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Familia e Inclusión



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña




Deputación
DA CORUÑA



FEDERACIÓN
S.O.S. RACISMO



GASTOS



Gastos 2016. Relación de porcentaxes en función da partida á que teñen sido destinados os importes . (Importe Gastos Total 32.114,16 €)



Non só números

Este ano 2016 estivo marcado por a apertura dunha nova sede na cidade de Vigo, o que fixo que se achegasen a SOS Racismo Galicia un maior número de persoas demandando asesoramento, atención, formación, mediacións etc. De xeito que a labor desenvolvida pola nosa organización medrou, incrementándose así as cifras reflectidas en anos anteriores con este novo fluxo de persoas que viñeron na procura de atención. Unha vez máis, lonxe de proporcionarnos realidades amables ou máis integradoras da sociedade e das institucións, volveuse a por de manifesto a crudeza e a vulnerabilidade dun colectivo ao que se lle da as costas.

Así en canto as institucións, as cifras amósannos como se asiste a un claro endurecemento das condicións impostas ao colectivo migrante en relación co acceso aos servizos sociais, que saturados e sen persoal suficiente, demoran o outorgamento dunha cita máis de tres ou catro meses. En Vigo, acaba o ano pechándose a Oficina de Inmigración que daba cobertura ao colectivo. Endurecemento que tamén se traslada ao

ámbito das axudas públicas tanto estatais, autonómicas coma locais, con requisitos cada vez máis leoninos, que conducen a este colectivo a marxinalidade; ao mesmo tempo que presenciamos un claro racismo institucional que se traduce en malos xestos, malas palabras así como explicacións vagas e imprecisas que conducen a que a persoa migrante esté dando voltas na administración, como si dun labirinto se tratase, sen topar unha saída ou unha porta clara.



No último trimestre do ano, na cidade da Coruña púxose en marcha por parte do Concello unha Renda Social Municipal que por primeira vez facíase extensiva a

persoas con situación administrativa irregular. Unha boa noticia, sen dúbida, pero que unha vez máis non é un camiño fácil, xa que está cheo de atrancos para unha poboación tan vulnerable e fráxil. Noso traballo intenta construír pontes para que poidan mudar a súa situación.

As circunstancias agrávanse ao querer moit@s del@s regularizar a súa situación xurídica e ter acceso a unha residencia. As ambigüedades dos preceptos legais, engadidos a arbitrariedade na súa aplicación nas oficinas de extranxería, sumados a un sistema actual con políticas de inmigración sumamente restrictivas, fan que sexa practicamente imposible a súa plena integración na sociedade e conduceos a vivir na marxinalidade.

Outro tanto, sucede no acceso ao sistema sanitario e a formación ocupacional ou aos plans formativos para o emprego.

E si todo o relatado ata o de agora revélase con máis forza no caso das persoas en situación irregular, non o teñen máis doado as que sí puideron conseguir un “permiso de residencia” pois no día a día enfróntase a un mercado laboral, a uns servizos, a unha veciñanza...e en definitiva a unha sociedade que lles esixe moito máis, que as denigra, que as exclúe...polo mero feito de ser extranxeiras.

É por todo o que agochan tras de sí estas cifras, racismo institucional e cotidiano, polo que SOS Racismo Galicia seguirá traballando en aras da construción dunha sociedade máis xusta e democrática, con igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa condición ou orixe, conscientes da loita e dos esforzos constante que isto implica.



“MBOY MOE DOLE” (a unión fai a forza)

Seguimos tecendo redes, buscando apoio e ofrecendo o noso a tantas persoas e organizacións que como nós queren mudar realidades que non nos gustan.

Acordos de colaboración:



Universidad de Oviedo
Universidá d'Uviéu
University of Oviedo

Participación en plataformas:



migreurop
observatoire des frontières



foro de inmigración



Agradecementos

Está claro que a razón de ser de SOS Racismo Galicia son os nosos e as nosas usuarias.

Mentres existan motivos para loitar por unha sociedade máis xusta e que non poña obstáculos aos colectivos máis vulnerables seguiremos necesitando persoas que apoiem esta batalla.

Un ano máis temos que dar **grazas** a todas esas persoas, entidades e institucións públicas que ben colaborando, ofrecendo seu traballo desinteresado ou aprendendo da súa experiencia, apóiannos, anímannos e dannos forzas para seguir adiante.

Especialmente ás mulleres que forman o equipo de Sos Racismo en Vigo que decidiron neste ano 2016 ampliar os camiños que comenzaron na Coruña.

Ás persoas socias pola confianza que depositan ao apoiarnos.

As persoas activistas, voluntarios e voluntarias, que sen elas moito traballo quedaría sen facer.

Ao equipo técnico da Coruña e Vigo polo seu traballo, ás veces feito cos mínimos recursos, pero sempre con bos resultados.

A todas e todos MOITAS GRAZAS, sen vós todo o relatado nesta memoria non sería posible.